



CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221
WWW.ORDES.GAL

exp. 2024/G003/000849

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DO ACCESO PEONIL AO POLÍGONO DE MERELLE” (EXPDTE. 2024/C003/000005). INICIACIÓN E APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

EXPEDIENTE: 2024/G003/000849

ANTECEDENTES-FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Expediente de contratación por procedemento aberto, art. 156 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), tramitación urxente, do contrato de obras “**MELLORA DO ACCESO PEONIL AO POLÍGONO DE MERELLE**” (Expdte. 2024/C003/000005).

Vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, que deben rexer a contratación, o certificado de existencia de crédito e evacuados os informes de Secretaría e de fiscalización previa da Intervención, como obran no expediente.

Visto o disposto nos arts. 13, 116, 117, 119, 131 e 156 a 158 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, (LCSP).

Vista a autorización sectorial da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, de data 20/06/2024, para a execución de obras na zona de protección da N-550, p.q. 33,400 / 33,450, expdte. L-LC-2533.

No uso das atribucións conferidas pola disposición adicional segunda, apartado 1º da Lei 9/2017, de 8 de novembro (LCSP), **RESOLVO:**

1º.- Aprobar o proxecto técnico das obras “**MELLORA DO ACCESO PEONIL AO POLÍGONO DE MERELLE**”, redactado por Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, c. e p., cun orzamento base de licitación de 183.399,76 euros.

2º.- Declarar a urxencia na tramitación deste expediente, cuxa adjudicación é preciso acelerar polas razóns de interese público que se sinalan no apartado 8 da Memoria xustificativa deste contrato.

3º.- De conformidade co sinalado polo técnico redactor do proxecto, de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro (LCSP), procede a súa non división en lotes polo seguintes motivos:

“Por tratarse dunha obra completa, tal como se reflicte en proxecto, de pouca entidade no seu conxunto e as partidas que o compoñen son relativamente pequenas, entende o técnico que subscribe que contratar a mais dunha empresa, incluso entorpecería a boa marcha na execución da obra”.

4º.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que han de rexer a contratación por procedemento aberto, tramitación urxente, das obras “**MELLORA DO ACCESO PEONIL AO POLÍGONO DE MERELLE**”.

5º.- Aprobar o expediente de contratación, aprobar o gasto con cargo á partida **1532.619.00** do vixente orzamento municipal, dispoñendo a apertura do procedemento de adjudicación por procedemento aberto, tramitación urxente das obras “**MELLORA DO ACCESO PEONIL Ó POLÍGONO DE MERELLE**”, por importe de 183.399,76 € (151.570,05 € prezo + 31.829,71 € iva).

En Ordes, 25-06-2024

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221
WWW.ORDES.GAL

exp. 2024/G003/000849

RESOLUCIÓN

O Alcalde-Presidente
José Luis Martínez Sanjurjo

O Secretario
Juan Luis González Iglesias